



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E A ASOCIACIÓN DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL “A MARIÑA” PARA O MANTEMENTO DUNHA VIVENDA TUTELADA PARA MULLERES CON ENFERMIDADE MENTAL QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO.

(1) A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, é o órgano da Administración autonómica que ten entre as súas competencias impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero

No mencionado ámbito material, a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, dispón a adopción en Galicia de medidas integrais para a sensibilización, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, así como a protección e o apoio ás mulleres que a sofren.

(2) Antecedentes:

A medida 176 do Informe da Subcomisión para un Pacto de Estado en materia de violencia de xénero recolle a mellora progresiva da adaptación dos recursos de apoio e atención, como as casas de acollida, para recibir a calquera muller, independentemente da súa diversidade funcional/discapacidade.

Polas súa banda, o Informe da Ponencia de Estudo para a elaboración de estratexias contra a violencia de xénero aprobada no Senado establece na súa medida 77 a necesidade de asegurar recursos habitacionais suficientes e dignos para as mulleres vítimas, a través da rede de casas e acollida, impulsando o seu acceso a vivendas sociais a aquelas solucións que adopten as CCAA.

O evidente interese social e humanitario da labor desenvolvida por esta entidade, leva á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, a establecer a presente liña de colaboración .

Dada a inexistencia na CCAA de Galicia de ningún outro recurso de acollida específico para mulleres con enfermidade mental e que sofren violencia e xénero, o que provoca que en numerosas ocasións se vexan privadas do seu dereito á asistencia social integral que lles garante a Lei, a Secretaría Xeral da Igualdade considera prioritaria apoiar o mantemento deste recurso de acollida para con enfermidade mental que sofren violencia de xénero e seus fillos e fillas, de xeito que permita atender a execución de programas de recursos integrais para as ditas persoas, promovendo así os servizos establecidos na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero e no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

(3) **Finalidade** Para os efectos sinalados, con data 25 de febreiro de 2019 formalizouse coa Asociación de axuda ao enfermo mental “A Mariña”, o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019.

(4) O convenio ten por **obxecto** establecer as bases reguladoras e as condicións que rexerán a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia e Administracións Públicas, a través da Secretaría Xeral





da Igualdade da Xunta de Galicia, e a Asociación de axuda ao enfermo mental “A Mariña”, para o mantemento dunha vivenda tutelada para mulleres con enfermidade mental que sofren violencia de xénero que ten como finalidade proporcionar apoio, aloxamento, manutención e atención integral ás mulleres con enfermidade mental, vítimas de violencia de xénero e as súas fillas e fillos, garantíndolle un espazo de protección e recuperación.

(5) O instrumento convencional asinado fundaméntase no seguinte:

Que a Asociación de axuda ao enfermo mental “A Mariña” ten entre os seus obxectivos os de prestar asistencia continuada ás persoas con enfermidade mental persistente para lograr a súa rehabilitación psicosocial, así como apoio ás súas familias, na área de A Mariña. Conta cunha longa experiencia na xestión de dispositivos de apoio e programas terapéuticos, sendo a única asociación destas características na Mariña lucense.

Ademais, e na súa condición de entidade prestadora de servizos sociais, é titular dunha vivenda preparada e autorizada para a atención a mulleres vítimas de violencia de xénero con enfermidade mental, e comprende os requisitos establecidos na orde do 1 de abril de 1997, pola que se regulan os requisitos específicos dos centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos.

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, que a través da Secretaría Xeral da Igualdade ten as competencias en materia de loita contra a violencia de xénero, estima oportuno asinar un convenio de colaboración coa Asociación de axuda ao enfermo mental “A Mariña” para o financiamento dunha vivenda tutelada para mulleres con enfermidade mental que sofren violencia de xénero que ten como finalidade proporcionar apoio, aloxamento, manutención e atención integral ás mulleres con enfermidade mental, vítimas de violencia de xénero e as súas fillas e fillos, garantíndolle un espazo de protección e recuperación.

A concesión directa da subvención a través deste convenio efectúase ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepcionar do réxime ordinario de concorrència competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é poder ofertar ás mulleres con enfermidade mental que sofren violencia de xénero e ás súas fillas e fillos, apoio, aloxamento, manutención e atención integral, garantíndolle un espazo de protección e de recuperación.

En atención ao exposto estímanse xustificadas, de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as razóns de interese social e a non procedencia de promover a concorrència pública, e para os efectos da subscripción deste convenio de colaboración.

(6) Aplicacións orzamentarias:

05.11.313D.481.2 (código de proxecto 2018 00112), enmarcada nos fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Ministerio de Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade), correspondentes á CCAA de Galicia.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade

Edificio Administrativo de San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.es
<http://igualdade.xunta.es/>



Contía total: 70.000 € (setenta mil euros).

(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

A secretaria xeral da Igualdade

Susana López de Abella



Xacobeo 2021

